

# PAREMOS A GUERRA IMPERIALISTA

**Trump e Netanyahu  
incendian Oriente Medio**





# Trump e Netanyahu fracasan militarmente na súa guerra co



**Esquerda Revolucionaria Internacional**

Ás poucas horas de xear o sangue a millóns de persoas cunha ameaza que ningún criminal imperialista se atrevera a lanzar desde Hitler, “esta noite morrerá unha civilización”, Donald Trump viuse obrigado a declarar o alto o fogo e abrir unha negociación con Irán.

Digan o que digan este xenocida e o seu aliado sionista, e independentemente do resultado das conversacións, este retroceso ten unha lectura moi clara. A guerra que desatou o imperialismo estadounidense xunto ó réxime nazisionista o 28 de febreiro volveuse contra eles e o saldo, polo momento, é unha evidente derrota.

## Trump e o imperialismo USA contra as cordas

As negociacións en Islamabad, no momento de escribir esta declaración, non chegaron a ningún acordo, pero si empujaron á Administración Trump a amosar a súa desesperación afirmando que serán eles quen peche o estreito de Ormuz para “presionar a Teherán”. Dificilmente se pode ser máis incongruente e desprezar unha estratexia máis errática.

O atolladeiro no que se meteron resulta evidente para todo o mundo. A historia coa que Israel recibiu a tregua da boa mostra da envergadura do golpe recibido. Ás poucas horas de que Washin-

gton o declarase, Netanyahu descargou a ofensiva máis letal contra o Líbano desde o inicio da guerra, asasinando 303 persoas, mentres Trump cualificouna cinicamente como una “escaramuza á parte”. Pero Irán respondeu: volveu golpear Kuwait, Emiratos Árabes Unidos e Qatar, e pechou de novo Ormuz, deixando claro que o alto o fogo e a negociación eran “inviabiles se non incluían ó Líbano e Hezbolá”.

Practicamente tódolos aliados de EEUU, xa sexan as monarquías do Golfo, a Unión Europea, Canadá e Xapón, esixiron engadir ó Líbano ó cesamento das hostilidades e á negociación. Trump obrigou a Netanyahu a reunirse co goberno libanés mentres lle pedía que “baixase un pouco” os ataques. Mais Irán insistiu en que, se continúan, será imposible un acordo de paz e Ormuz seguirá pechado.

Resulta imposible trazar unha perspectiva pechada do que poida suceder nas vindeiras semanas. Pero a incapacidade de Washington para torcelo brazo de Teherán e as consecuencias de desestabilización na economía mundial, xa desacreditaron a Trump en todo o mundo. EEUU nunca se vira tan aillado internacionalmente.

## A situación en Israel

O proxecto racista e supremacista do Gran Israel ten o respaldo da burguesía israelí, que obtén grandes beneficios da produción de armas, das tecnoloxías da

información vinculadas ao sector militar, dos grandes negocios que proxectan no sector turístico tras arrasar Gaza e da brutal opresión sobre a poboación palestina.

Pero esta guerra está aprazando algúns dos proxectos estratéxicos e alimentando un descontento social que podería crecer. Moitas enquisas apuntan a unha posible derrota de Netanyahu nas vindeiras eleccións, mais ningunha das formacións burguesas da oposición o critican por atacar Irán e invadir o Líbano senón por “aceptar o alto o fogo” sen “conseguir os obxectivos”. A autodenominada esquerda sionista, aínda que se fai eco do malestar pola prolongación da guerra, acompaña esas críticas con loas ó exército, mantendo o seu apoio á ocupación e ó proxecto supremacista.

A pesar diso, o estancamento da guerra e o rexeitamento internacional á mesma están a ter impacto. Os drones e mísiles de Irán e Hezbolá caen tódolos días, cuestionando o discurso triunfalista do goberno. O Ministerio de Sanidade israelí reconece 19 mortos e 7.451 feridos.

O orzamento militar representa case o 10% do PIB e o xenocidio en Gaza consumiu 80.000 millóns de dólares en 2023-2025, cun custo semanal de 600 millóns que a ofensiva contra Irán e o Líbano duplicou. Os recortes en sanidade, ensino e demais gastos sociais para o sostemento do militarismo sionista están a abrir unha fenda na “unidade nacional” que tan bos servizos presta aos plans de Netanyahu.

## A economía mundial ó borde do abismo

Washington e Tel Aviv posúen a maquinaria de destrución e morte máis brutal da Historia. Demostrárono perpetrando un holocausto contra o pobo palestino que continúa baixo a farsa do seu plan de paz, co aval da comunidade internacional e a pasividade da China e Rusia.

Esa maquinaria militar asasinou en pouco máis dun mes a 4.500 persoas en Irán e o Líbano, causou milleiros de feridos e expulsou dos seus fogares a máis dun millón de persoas. Segundo o exército estadounidense, destruíron 13.000 obxectivos militares e civís só en Irán. Pero dos seus obxectivos políticos, económicos e xeoestratéxicos non conseguiron nin sequera un.

A economía mundial cambaléase ante “o maior risco para a seguridade enerxética da historia”. Como explica o presidente da Axencia Internacional de Enerxía: “A cantidade de petróleo e gas natural que perdemos é maior que (...) nas dúas grandes crises do petróleo dos anos setenta e maior que a carencia do gas ruso trala invasión rusa de Ucraína. Esta crise é máis grande que esas tres crises históricas xuntas. Non se trata só de petróleo e gas. Tamén se ven afectados produtos fundamentais como os fertilizantes, os petroquímicos ou o helio, o que terá relevantes implicacións para as cadeas de subministración globais. Mesmo cando termine a crise, o mercado non volverá

# Netanyahu e politicamente contra Irán



ser como antes. Os riscos de seguridade en Oriente Próximo seguirán moi presentes para gobernos e industrias de todo o mundo”.

Os mercados financeiros que fixeron caixa co xenocidio durante os primeiros compases desta guerra cos beneficios do sector militar e enerxético, agora presionan desesperados para que Trump lle poña fin.

Unha extensión do conflito podería xerar unha cadea de golpes que concluíse nunha recesión mundial.

## China e Rusia reforzados pola guerra, e o réxime dos aiatolás tamén

O fracaso militar, a inestabilidade xeopolítica, a sangría de recursos económicos e o rexeitamento social a esta guerra, puxeron un enorme interrogante sobre a capacidade de EEUU para seguir desempeñando o papel de potencia hexemónica capaz de intimidar respecto ós seus adversarios, e garantir seguridade e estabilidade ós seus aliados.

Como puideron comprobar as monarquías reaccionarias do Golfo Pérsico, incluídos os paraísos financeiros de Dubai e Abu Dabi, xa non hai garantías serias de protección con Trump. Por primeira vez ven seriamente ameazados os alicerces do seu poder.

Pola contra, o réxime dos aiatolás viu-se reforzado, polo menos de momento. Aínda que se trata dunha ditadura teocrática reaccionaria, un inimigo xurado da clase obreira que oprime brutalmente mulleres, a comunidade LGTBI e as minorías nacionais, que persegue con saña a esquerda comunista desde hai décadas e non dubida en reprimir de xeito sanguento as manifestacións populares ... as bombas de Trump e Netanyahu provocaron un peche de filas co réxime iraniano.

Pero as bombas de Trump e Netanyahu provocaron un peche de filas co réxime iraniano. Intentar borrar da face da terra a civilización persa, desprezar dun xeito tan colonial o orgullo nacional iraniano, galvanizou o sentimento de resistencia activa entre a poboación. Todo o contrario ó que ocorre nos EEUU.

As masas iranianas están a ver que, do imperialismo e do sionismo, só poden esperar morte, miseria e máis opresión. A única esperanza é unha revolución baseada na súa autoorganización e acción directa, e un programa socialista que expropie a burguesía e a elite militar, burocrática e relixiosa que controla a terra e os grandes bancos e empresas.

Tamén China e Rusia saen reforzadas na súa influencia política e económica, e experimentarán un impulso aínda maior.

A decadencia, impotencia e desesperación que transmite o imperialismo estadounidense representa a maior ameaza para a estabilidade do sistema.

Moscova incrementou exponencialmente os seus ingresos pola escalada dos prezos do gas e do petróleo, mentres reafirma a súa vitoria na guerra de Ucraína e consolida as súas áreas de influencia máis próximas e outras estratéxicas en África. Os efectos económicos da guerra reabriron o debate na UE sobre a compra de gas a Rusia e a necesidade de marcar distancias con Washington.

China reivindicou a súa posición como potencia capitalista que aspira á hexemonía. Dende o punto de vista económico e diplomático preséntase como un socio fiable que ofrece estabilidade, acordos comerciais e investimentos en lugar de bombas, aranceis e ameazas.

Pero esta guerra tamén é un salto cualitativo para o seu potencial militar. A superioridade económica e tecnolóxica do bloque liderado por China e Rusia tradúcese no campo de batalla. Aínda que Pequín e Moscova parecen seguir apostando por que a superioridade económica e o desgaste de EEUU lles proporcione unha posición de liderado mundial en pouco tempo —evitando na medida do posible unha confrontación armada directa—, o seu apoio a Irán, especialmente en medios loxísticos, tecnolóxicos e subministración de armamento, fala por si mesmo.

Irán respondeu militarmente cun despregamento de drones e mísiles moito máis baratos e en cantidades tan inxentes que provocaron unha severa crise na capacidade de EEUU e Israel para repoñer o seu arsenal ó ritmo necesario.

A resistencia iraniana abriu unha enorme fenda nas finanzas dos atacantes e puxo en evidencia o declive produtivo de EEUU, incapaz de aumentalos recursos e os subministros para alcanzar un desenlace favorable a curto prazo. Se consideramos estes factores e engadimos a incerteza dunha recesión pavorosa, é inevitable que as contradicións e divisións internas do imperio estadounidense se agudicen.

## O inimigo principal de Trump está na súa casa

Este é un punto clave que forzou a Trump a dar un paso atrás e aceptar as condicións de Teherán para negociar. A oposición interna á guerra medrou e vai a máis. O 28 de marzo as manifestacións do No Kings congregaron a máis de sete millóns de persoas en máis de

3.000 cidades, onde resoaron consignas contra o ICE, as políticas racistas e o non á guerra.

A imaxe de milleiros de iranianos organizando cadeas humanas arredor das centrais eléctricas e nucleares que Trump e Netanyahu prometían arrasar, impactou en millóns de traballadores e mozos de EEUU e outros países.

Nese contexto, o intento destes xenocidas de desatar un holocausto coma o de Gaza en Irán podería provocar un levantamento de masas. As voces esixindo a inhabilitación do presidente por incapacidade mental disparáronse, incluíndo figuras salientables do MAGA, reflectindo a oposición masiva á guerra.

Trump fracasou no intento de derrocar o réxime dos aiatolás para controlar o gas, o petróleo e outras riquezas de Irán. Tampouco logrou coa súa escalada militar en Oriente Medio inflexión unha derrota a China e Rusia nin debilitar decisivamente a súa influencia nunha rexión de enorme importancia xeoestratéxica.

A guerra volveuse contra Washington. Cada día cóstalle máis de 1.000 millóns de dólares. Pero este dispendio segue sen traducirse nunha vantaxe militar decisiva sobre o terreo. Ó contrario, os plans que sopesan para cambiar a dinámica militar, a hipotética toma da illa de Jarg, bombardeos contra centrais eléctricas, infraestruturas gasísticas e petrolíferas... foron aprazados por medo a unha resposta equivalente de Teherán contra as monarquías do Golfo, e as dúbidas que provocou un resultado aínda máis catastrófico na economía mundial.

As presións de sectores decisivos da clase dominante estadounidense e dos seus aliados para dar marcha atrás, abri-

esta negociación e saír de Irán canto antes son enormes. Pero non será doado. Un acordo nos termos expostos por Teherán deixaría ao imperialismo estadounidense espido, provocaría unha crise maior na OTAN e abriría paso a unha derrota electoral do trumpismo nas eleccións de medio mandato. Calquera solución é mala para os intereses de Washington.

Un dos principais escollos na negociación será o Líbano. Pero Washington ten medios para presionar a Tel Aviv e establecer algún tipo de acordo, o que non evitará que o réxime sionista volva á carga en canto teña oportunidade.

A borracheira de éxito despois de masacrar impunemente o pobo palestino e facerse co control de Venezuela tan facilmente, foi un factor importante no momento e na forma en que Trump e Netanyahu decidiron lanzar esta guerra. Pero as causas que alimentan a escalada militarista e supremacista de EEUU afunden as súas raíces na crise interna e na decadencia do capitalismo estadounidense.

O marabilloso movemento de masas da mocidade e da clase obreira, e a derrota nesta guerra, pode ser a tumba política de Trump, e sería tamén un golpe tremendo á ultradereita en todo o mundo.

Non se pode establecer unha perspectiva pechada para as vindeiras semanas, nen se o alto o fogo se consolidará. Pero unha cousa é indiscutible: esta agresión imperialista volveu sacudir a conciencia de millóns de persoas e está a servir de escola política para toda unha xeración que non está disposta a soportar esta barbarie. Sobre estas condicións as ideas da revolución socialista non farán máis que frutificar.



# Patronato de Protección a la Mujer

## Ferramenta de represión de xénero e clase



**Entrevista a Belén López Cillero, investigadora do Patronato de Protección a la Mujer e autora do libro *Por que ninguén falou delas?*, recentemente publicado pola Deputación da Coruña. Unha denuncia demoledora e moi documentada da sistemática represión franquista contra as mulleres da clase obreira nos anos da ditadura e o posfranquismo e que durante demasiado tempo tritou de ocultarse.**

**El Militante.- Que te leva a comezar esta investigación?**

**Belén López.-** Hai dous anos lin un artigo que explicaba o que era o Patronato de Protección a la Mujer e sentín que non podía deixar o tema. Contactou comigo Consuelo García del Cid, a primeira persoa que comezou a falar do Patronato e a reivindicalo cando ninguén a cría. Foi falar co defensor do pobo e o director de Memoria Histórica no ano 2013 e dixé-

ronlle que non había probas e de aí saíu o meu propósito de colaborar en todo o que puidese para encontrar esas probas.

O que descubrín a partir de aí foi un entramado totalmente estruturado, organizado de forma piramidal desde o Ministerio de Justicia, que era onde estaba a Junta Nacional del Patronato da cal era presidenta de Honor Carmen Polo de Franco, e que se dividía en Juntas Provinciales e locais. Estaba en mans de ordes relixiosas e a súa pedagogía era a anulación da personalidade da muller por medio do medo, do maltrato físico e psicolóxico. Créase en 1941 e non se dissolve

até ben entrada a democracia, en 1985. Foron centos de centros polos que se estima que poderían pasar até 80.000 mulleres.

**EM.- Quen ía a parar alí e que se encontraban?**

**Belén López.-** Mulleres de entre 16 e 25 anos case por calquera motivo: saír a pasear e bicarte co teu mozo, frecuentar bailes, non cubrirte “suficiente” na praia. Existían as celadoras da moralidade, que se paseaban por espazos públicos e reportaban condutas “inmorais”. Ser filla de rojos era outro motivo, realizábanse secuestros de Estado e levábanas a un centro do Patronato. Ser “rebelde”, non ter unha sexualidade normativa, ser pobre de solemnidade, quedar embarazada fóra do matrimonio, en moitos casos do teu pai ou do teu irmán. Tamén había mulleres de familias adañeiradas e con poder que encerraban as súas propias fillas por non seguir a conduta esperada, moral e politicamente falando.

A rede eran centros propios do Patronato e multitude de congregacións relixiosas que colaboraban. Supoño que precisamente é por iso que durante tanto tempo se mantívase oculto este terror sistemático, porque os intereses que estaban detrás entón seguen a estar aí. Entre Oblatas, Buen Pastor, San Vicente de Paul, Federación Católica Servicios a la Juventud e Adoratrices, todas elas implicadas directamente na rede do Patronato, recibiron 2.347.308 euros en subvencións do Ministerio de Igualdad o ano pasado.

Estaban tamén as Maternidades e os pabillóns psiquiátricos como o de Ciempozuelos en Madrid. Cando as mulleres eran moi molestas, choraban moito ou o que for, mandábanas fundamentalmente a este, e se eras lesbiana, ou pensaban que

o eras, tamén. O trato era de incomunicación continua, aplicábase electroschock, medicábaselles a tope, practicáronse lobotomías (perforacións do cerebro). Posteriormente estas substituíronse por comas insulínicos, máis económicos, metíanche azucre por vea até causar desmaios. Dicían que despois ficaban moi “tranquilas”.

**EM.- No libro mencionas tamén os bebés roubados na Maternidade de Peñagrande e outras barbaridades.**

**Belén López.-** Os bebés roubábanse en realidade en todas as maternidades de España así que como non ía suceder en Peñagrande, a maternidade máis activa do Patronato. Primeiro coaccionábanas para dalos en adopción e, se por esa vía non o conseguían, era frecuente que o bebé “morrese”. Temos moitos expedientes de bebés en moi bo estado que sorprendentemente morrían días despois. Ou durmíanas con anestesia xeral e cando esperaban o bebé xa estaba na incubadora e desaparecía.

Está probado que o Patronato subministróu man de obra doméstica a familias con cartos. Ademais, nos centros do Patronato e congregacións traballábase de forma gratuíta entre 6 e 8 horas diarias, o tempo que lles quedaba entre que rezaban e limpaban, que era todo o que facían alí dentro. Erguéronse congregacións relixiosas e todas as súas propiedades con traballo escravo de todas estas rapazas.

Todo isto, e moito máis, está a saír á luz grazas ao esforzo das vítimas e á reacción marabillosa de toda a xente que asiste ás charlas ou descobre polos medios que foren este pasado terrorífico. Estades todas convidadas e seguir a difundir este capítulo tan importante da nosa Memoria Histórica.

